



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O 27 DE XUÑO DE 2018.

ASISTENTES:

PRESIDENTA:

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xose Alfonso Torres (CxG)

CONCELLEIROS/AS:

D. Jose Manuel Quintela Fernández,(CxG)

D. Jose Antonio Uhía Martínez (CxG)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Inés Monteagudo Romero (PP)

D. Jose Vázquez Rama (PP)

D. José Ángel Hermida Simil (PP)

D<sup>a</sup> Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D<sup>a</sup> Caridad González Cerviño (PSOE)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D. Manuel María García Fernández (BNG)

D<sup>a</sup> Paula Simal Mayo (BNG)

Excúsan a súa ausencia:

D<sup>a</sup> Alianza Uhía Patiño (PP)

D. Enrique Riomayor Caamaño (PSOE)

SECRETARIO XERAL

D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e trinta e un minutos, reúnen en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, asistidos de min, o secretario xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa-Presidenta aberta a sesión con arranxo ao seguinte orde do día:

I PARTE RESOLUTIVA



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

1º.- Aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o día 31 de maio de 2018

Pregunta a Sra. Alcaldesa se hai algunha observación á acta

Intervén a Sra. Monteagudo Romero quen dí que non, só excusar á concelleira Uhía Patiño que non pode asistir.

Intervén a Sra. González Cerviño quen dí que non, só excusar ao concelleiro Riomayor Caamaño que non pode asistir.

Intervén o Sr. García Fernández quen dí que non.

Sométese o borrador da acta a votación sendo aprobada por unanimidade dos membros presentes (11). En secuencia queda aprobada a acta.

II.- PARTE RESOLUTIVA

2º.- Aprobación, se procede, do ditame da comisión informativa permanente de urbanismo, obras, servizos e medio ambiente sobre a adhesión do Concello de Muros á plataforma de contratación do sector público.

Procede o secretario á lectura do ditame (existe un erro no segundo apelido do concelleiro do BNG que é correxido a instancia de parte) que é o seguinte:

“A Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, Obras, Servizos e Medio Ambiente, , en sesión ordinaria celebrada o 22 de xuño de 2018, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o seguinte ditame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

Adhesión, se procede, do Concello de Muros á plataforma de contratación do sector público.

Intervén a Sra. Alcaldesa quen lle da a palabra ao secretario xeral do pleno para explicar o acordo, o secretario dí que este asunto entende como expuxo no seu informe que debe tratarse en pleno ao ser unha encomenda de xestión que non



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

obstante non require de maioría absoluta e por outra banda porque o pleno é órgano de contratación nos supostos que establece a lei e é a cada órgano a quen lle compete a adhesión, que non obstante como expuxo no seu informe poderíase aprobar pola Alcaldía atendendo á orde de 2008 ao concorrer na alcaldesa a presidencia dos órganos colexiados que son órgano de contratación no concello de Muros. Remata dicindo que segundo a nova lei de contratos a non adhesión á plataforma estatal ou autonómica é sancionada con vicio de nulidade de pleno dereito.

Pola Sra. Alcaldesa ábrese unha primeira queda de intervencións:

Intervén a Sra. Monteagudo Romero quen dí que lle parece tardísimo este acordo, que xa o leva escoitando fai meses a outros alcaldes.

Intervén a Sra. González Cerviño quen dí que crén que é competencia da alcaldía e que se ven ao pleno é porque non hai asuntos que tratar agás a acta e os rogos e preguntas, que imos tarde, mal e arrastro e dí que queren saber se houbo algunha queixa ao respecto.

Intervén a Sra. Alcaldesa que dí que sempre atenderon ás recodendacións da secretaría e que este asunto se trae cando foi informado.

Sometida a proposta da alcaldía a votación polo sistema do voto ponderado amparado no acordo plenario do 9 de xullo de 2015, así como no artigo 68.5 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia acádase o seguinte resultado:

Votos a favor: Sres/as Monteagudo Romero, García Fernández e Presidenta (69%).

Abstencións: Sra. González Cerviño (31%).

En consecuencia ditaminase favorablemente a proposta da alcaldía que é a seguinte:

“Asunto: Adhesión do Concello de Muros á Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP)

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establece a Plataforma de Contratación do Sector Público ( PCSP), proporcionada pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado do Ministerio de Facenda e Función Pública, como a plataforma electrónica que permitirá a difusión a través de Internet dos perfís de contratante de todos os órganos de contratación do sector público.

O artigo 347 da citada Lei prevé que os órganos de contratación das Administracións locais, así como os das súas entidades vinculadas ou dependentes poderán optar, de forma excluínte e exclusiva, ben por aloxar a publicación dos seus perfís de contratante no servizo de información que para ese efecto establece a Comunidade Autónoma do seu ámbito territorial, ou ben por aloxalos na Plataforma de Contratación do Sector Público.

O Concello debe adoptar as resolucións que procedan a fin de adaptarse á entrada en vigor da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que recolle a necesidade de contar cun perfil adecuado que permita cumprir coas obrigas de publicación impostas pola lexislación.

Este Concello, ante a posibilidade de opción que a Lei lle confire, considera oportuno que o seu perfil de contratante quede aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, xa que a necesidade de cumprir posteriormente coas obrigas de licitación electrónica implicarán que esta entidade deba facer uso de ferramentas electrónicas que deste xeito non suporán un desembolso económico para este Concello xa que esta Plataforma permite a licitación electrónica.

Á vista do anteriormente exposto, o pleno municipal acorda:

**PRIMEIRO.-** Determinar que o Perfil de contratante desta entidade local se aloxe na Plataforma de Contratación do Sector Público (PSCP), iniciando os trámites para a adhesión a esta plataforma, utilizándoa como Perfil de Contratante, cos efectos previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**SEGUNDO.-** Facultar á Alcaldesa para que realice cantas actuacións sexan precisas para facer efectiva a adhesión á citada plataforma.



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo á secretaría para que cumprimente a documentación e remita a mesma.”

Por parte da Alcaldesa ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Monteagudo Romero que n dí que este é unha cuestión que ven a destempo, que hai que facer por imperativo legal e que estamos ante outro caso de punto de recheo para o pleno.

Intervén a Sra. González Cerviño que dí que reiteran o mesmo, que lles parece unha falta de respecto cando non é competencia plenaria este acordo senón da alcaldía, que o que teñen que traer son asuntos de competencia plenario como os orzamentos xerais, que non se trae nada ao pleno e o pobo de Muros se está a dar conta, non pode ser que veñan os plenos baleiros de contido.

Intervén o Sr. García Fernández quen dí que eles non teñen nada que engadir (fai o inciso de que se poña ben o seu segundo apelido).

Intervén a Sra. Alcaldesa quen dí que se trae a pleno cando secretaría o informou.

Sometido o ditame a votación acádase o seguinte resultado:

Votos a favor 8: (Membros dos grupos municipais de CxG, PP e BNG)

Abstencións 3: (Membros do grupo municipal do PSOE)

En consecuencia queda aprobado o ditame de adhesión do Concello de Muros á plataforma de contratación do sector publico nos términos nos que foi presentado.

3º.- Aprobación, se procede, do ditame da comisión informativa permanente de urbanismo, obras, servizos e medio ambiente sobre a revogación do acordo de 9 de xullo de 2015 polo que se constituíu a mesa de contratación permanente.

Procede o secretario á lectura do ditame que é o seguinte:

“A Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, Obras, Servizos e Medio Ambiente, , en sesión ordinaria celebrada o 22 de xuño de 2018, emitiu ao



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o seguinte ditame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

Constitución de mesa de contratación do Concello de Muros.

Intervén a Sra. Alcaldesa quen dí que este asunto tráese ao pleno xa que o anterior acordo contradí o previsto na nova Lei de Contratos do Sector Público xa que os membros corporativos non poden supoñer máis dun tercio do total de membros da mesa de contratación, que non obstante aínda que na proposta veña que a preside a Alcaldesa e como suplente ao primeiro tenente de alcaldesa non lles importa que se propoña a outro concelleiro de oposición.

Acto seguido a Sra. Alcaldesa dálle a palabra ao secretario quen en primeiro lugar e a pregunta da comisión dí que non fixo informe sobre este asunto que entende estaba fundamentado na proposta, que non ten inconveniente en informalo hoxe, que a composición da mesa fíxose atendendo ás súas recomendacións procurando que fose o máis pequena posible e preguntándolle ao persoal do Concello.

Pola Sra. Alcaldesa ábrese unha primeira queda de intervencións:

Intervén a Sra. Montegudo Romero quen se posiciona en favor de revogar o acordo anterior e non modificar o acordo de composición da mesa de contratación permanente de xeito que sexa o órgano de contratación competente en cada licitación o que designe aos membros da mesa atendendo ademais ás características da prestación a satisfacer e contar así co personal máis axeitado para cada tipo de contrato.

Intervén a Sra. Alcaldesa quen dí está dacordo co proposto pola Sr. Montegudo Romero.

Intervén a Sra. González Cerviño quen manifesta o seu apoio a esta proposta de revogación do acto administrativo de xeito que cada mesa de contratación sexa designada polo órgano de contratación para cada caso concreto en aras dunha maior profesionalidade dos seus membros en atención ao tipo de contrato.



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

Intervén o Sr. García Fernández quen considera que a mesa de contratación permanente ten sentido e que con ela se evitan ter que ditar acordos adicionais en cada licitación no que a existencia da mesa sexa preceptiva, pero que non obstante non teñen ningún problema coa nova proposta.

Vista a nova proposta a Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, Obras, Servizos e Medio Ambiente cos votos a favor dos Sres/as Monteagudo Romero, González Cerviño e Presidenta (85%) e coa abstención do Sr García Fernández (15%) acorda ditaminar o seguinte:

“Revogar o acordo adoptado polo pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o 9 de xullo de 2015 polo que se constituíu a mesa de contratación permanente do Concello de Muros.””.

Rematada a lectura por parte da Sra. Alcaldesa ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Monteagudo Romero quen dí que están dacordo coa novo proposta que lles parece máis útil e áxil xa que nesta lexislatura só se convocou unha vez.

Intervén a Sra. González Cerviño quen coincide coa voceira do grupo municipal do PP, que eles propuxeron o mesmo e que non entendían a proposta da alcaldía que a tivo que cambiar. Que é mellor o nomeamento da mesa polo órgano de contratación atendendo a súa composición a cada tipo de contrato.

Intervén o Sr. García Fernández que dí que e eles si lles parecía correcta a existencia dunha mesa de contratación permanente pero que non teñen inconvincente en aceptar a nova proposta.

Intervén a Sra. Alcaldesa quen dí que cando se constituíu a mesa permanente fíxose do mesmo xeito que nos mandatos anteriores, e máis concretamente do mandato anterior co cal o que dí a Sra. González Cerviño non é certo.

Dilixencia: Para facer constar que a Sra. González Cerviño dí que copiaban o que facía o PSOE, a Alcaldesa dálle que non interrompa no seu turno de palabra e chámala á orde por primeira vez.



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

Prosegue a Alcaldesa a dicir que era unha proposta aberta, por se se quería ampliar e que lles pareceu ben a eliminación da mesa permanente xa que non tiñan ningún inconveniente.

Sometido o ditame a votación este é aprobado por unanimidade dos membros presents (11). En consecuencia queda revogado o acordo adoptado polo pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o 9 de xullo de 2015 polo que se constituíu a mesa de contratación permanente do Concello de Muros.

### III.- MOCIÓN URXENTES

Pregunta a Sra. Alcaldesa se algún grupo desexa someter por motivos de urxencia algún asunto que non teña cabida na quenda de rogos e preguntas.

Por parte do BNG preséntase unha co seguinte título:

Moción para declarar persoas non gratas aos compoñentes da “manada”.

Xustifícase a urxencia pola Sra. Simal Mayo en que cando se realizaou estaban convocadas as comisións informativas.

Intervén a Sra. Monteagudo Romero quen dí que ela é máis partidaria de adoptar un acordo conxunto como se fixo na Deputación de A Coruña.

Intervén a Sra. González Cerviño quen dí que a moción está senn asinar e que algún aspecto da moción pode ser delictivo.

Intervén a Sra. Alcaldesa qdí que sen leer o contido da moción a ela parécelle un tema urxente.

Por parte do BNG consideran que agora é o momento.

Intervén o secretario quen dí que primeiro ten que votarse a urxencia e esta ser apreciada por maioría absoluta do número legal de membros da corporación (7). Que o documento debe asinarse pero que están presenes os Concelleiros e que a acaban do presentar non habendo impedimento en que a asinen agora.

Dilixencia: Para facer constar se me fai entrega da moción asinada polos dous concelleiros do grupo municipal do BNG.





CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

Sometida a urxencia a votación acádase o seguinte resultado:

Votos a favor 5 (membros dos grupos municipais de CxG e BNG)

Votos en contra 6: (membros dos grupos municipais do PP e PSOE)

En consecuencia queda rexeitada a urxencia co que non procede incluíla na orde do día e non proceder ao seu debate e votación.

4º.- Dar conta da resolución da Alcaldía da nova redacción do apartado cuarto do decreto de delegación de competencias da Alcaldía de 6 de xullo de 2015.

Dí a Alcaldesa que se fixo por recomendación do interventor.

O pleno dase por enterado.

5º.- Dar conta para coñecemento das Resolucións da Alcaldía: da Nº.420/2018 de data 02/05/2018 á 529/2018 de data 31/05/2018 (incluídas). E das Xuntas de Goberno Local nº.9 de 18/05/2018, nº .10 de 01/06/2018, nº .11 de 08/06/2018 e nº.12 de 15/06/2018.

O pleno dase por enterado

6º.- Rogos e Preguntas

Polo PP intervén a Sra. Monteagudo Romero

Empezamos cun rogo, que require dunha breve recapitulación do que foi este último ano e medio de sesións plenarias: dende o mes de xaneiro de 2017 ata o mes de maio de 2018 celebramos neste salón de plenos dezanove sesións plenarias.

O grupo popular presentou neste tempo nove mocións: (1) as obras para o POS+2017, (2) a solicitude á Deputación para que nos garanta os mesmos fondos no plan único que nos plans anteriores, (3) a exención do imposto de circulación para determinados colectivos, (4) a limpeza de contedores e puntos de recollida de lixo, (5) o apoio ao transporte público, (6) sobre os aparcamentos e servizos nas praias, (7) sobre a ampliación da parada do bus na Avda Castela,



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

(8) sobre os usos dos faros, e (9) sobre o fin da actividade da banda terrorista ETA. Durante este mesmo tempo as propostas da Alcaldía foron tres porque unha delas nin sequera se chegou a tratar: a moción sobre o rexistro da propiedade, a do Pazo de Meirás (que non se chegou a tratar), a de Comisións Obreiras sobre Calvo, e a do Fondo galego de cooperación.

Certo é que trouxeron ao pleno máis cousas: compatibilidades de traballadores, delegación de competencias para o cobro de impostos noutros organismos, recoñecementos extraxudiciais de crédito, e tamén a ordenanza de praias, a que copiaron literalmente do concello de Carnota. ¿Por certo, decidiron xa onde se vai autorizar a presenza de cans?

Todo esto ben a conta do rogo que lle presentamos: deixe de rechear as sesións plenarias con cuestións que son única e exclusivamente da súa competencia, se non ten propostas que traer ao pleno, se considera que no concello de Muros non hai ningún asunto que teñamos que tratar no pleno da Corporación, dígao, se non vai ser máis que recoñecer o que para todo o mundo é evidente.

No pleno extraordinario celebrado na deputación este mes aprobouse unha modificación de crédito para subvencións nominativas aos concellos, esas que o BNG dixo que iban eliminar, e das que por certo o concello veciño de Carnota, tan admirado polo Sr García, leva un bó pico de máis de 120.000 euros. Cando falamos neste pleno da problemática do cine Paris, nós preguntamos ao goberno por qué non plantexara na Deputación unha proposta de colaboración para atender a urxente situación que presentaba a edificación, dixonos entón que diso nada, que había que ir ás convocatorias de concorrencia competitiva. Non sabemos se de resultas dese consello, o concello de Muros non presentou ningunha proposta ás subvencións nominativas, ou alomenos, esa é a información que nos dan, así que moitas gracias Sr García, consellos dou que para min non quero!

En definitiva, rogamóslle Sra Alfonso que non faga caso deses consellos e presente propostas para financiar obras ou servizos, que falta nos fai, se é que as ten, claro.

## Preguntas

Sra Alfonso, que pasou co criterio da accesibilidade, que tanto xogo lle dou para vacilar aos veciños de Baño, na obra da Rocha? Ou é que os veciños e usuarios



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

da praia da Rocha non teñen os mesmos dereitos que os demais? As beirarrúas rematan abruptamente, sen rampas de acceso, e cando van rozar esquecense da parte de limpeza. "Rozar e limpar" é o que están reclamando os veciños de todo o concello, dende Uhía ata o Acoradoiro, é lamentable a situación de paseos, parques infantís, marquesiñas, ..., que pasou coa planificación que fixeron para mantemento de espazos públicos e praias? Quedou tamén, como o resto dos acordos plenarios, nun caixón? Non son vostedes conscientes do malestar de veciños e visitantes pola situación de abandono que presentan os espazos máis singulares e emblemáticos do concello? Xa non digamos os outros, os que non están á beira da estrada nen expostos nas fotos das redes sociais. Adícanse vostedes a difundir bulos e contos varios nas redes sociais, a denunciar situacións inventadas e alleas a nós, mentres fan un abandono absoluto das súas funcións e responsabilidades. Quédalle menos ano Sra Alfonso así que haber que fan.

-Aparte das charlas que imparte Medio Rural, estase adoptando desde o concello algunha medida ou actuación para manter as distancias de seguridade da normativa contra incendios? Outros concellos están ofrecendo planos detallados mediante ortofotos coas franxas que hai que mater limpas, fanse notificacións ou colocáanse bandos. Qué está facendo o concello de Muros?

-Quen se vai encargar dos campamentos de verán? Van contar con monitores do concello ou vaise externalizar o servizo, como se fixo con outros?

-E por último rogamóslle valore a celebración dunha xunta de portavoces para analizar o nivel de execución das obras financiadas pola Deputación.

Polo demais desexarlle boas festas a todos e máis nada.

Responde a Alcaldesa

Traemos a pleno todas as cousas que nos recomenda secretaría e intervención, hoxe se se trouxo o tema da adhesión é porque o recomendou o secretario.

En canto á planificación da limpeza temos dificultades para contratar personal ademais das baixas na brigada de obras fai difícil que poida manter todo en perfecto estado.



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

No tocante á faixa de protección de incendios forestais temos un funcionario que se adica case exclusivamente a iso. Tamén estamos en contacto co distrito forestal e con Medio Rural para informar aos veciños de todo o que precisen saber.

Con respecto aos campamentos de verán contesta o Sr. Uhía Martínez quen dí que no orzamento había para contratar a dous monitores, e estábanse precisando 5 máis, por recomendación de secretaría dixo que era mellor facer un contrato de servicios.

Con respecto ás obras da Rocha aínda queda algún asunto relacionado coa obra accesos a garaxes e vivendas e o da accesibilidade aínda non puiden ir por alí, dílle ao Sr. Quintela que compre visitar as obras xa que é un tema importante.

O resto son rogos e tomálos en conta.

Polo PSOE intervén a Sra. González Cerviño

Dí que non lle parece mal que se eles non saben gobernar que deixen gobernar ao secretario, que cando o Sr. Uhía Martínez dí que no Orzamento só se prevén dous monitores o que hai que facer é un presuposto para solucionar o problema e con respecto ao que dixo a alcaldesa de que non se poden facer as cousas porque hai xente de baixa, pois iso soluciónase aprobando o presuposto. Dí que son uns ineptos que non se pode chegar aquí e dicer que non se poden contratar monitores porque non hai presuposto, que non se pode limpar porque non hai presuposto, que é unha vergonza como está o concello de sucio, está todo sen limpar e tdo sen rozar, as rúas meten medo, as baldosas levantadas, os contenedores están sen lavar, e pasado mañán é San Pedro e todos os turistas se están a queixar e preguntan que quen está a gobernar aquí e a resposta é ninguén. Que os concelleiros teñen que visitar as obras e non só quedar para tomar café.

Está todo sen traer ao pleno, está a alcaldesa a esperar a ver que lle dí o secretario, antes gobernaban os políticos pero non saben. Está todo sen facer como o presuposto que está copiado do PSOE.

Preguntas

¿Porqué non está na Alcaldía a Sra. Alcaldesa?



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

Hai un proposta dun grupo de xente de Muros que queren ampliar a feta de San Pedro ata o domingo e realizar actuacións e foron incapaces de contactar con ningún político. Queríamos saber se eso é posible e se pode levar a cabo. E si por favor mañá poder recibir a este colectivo.

¿Este ano tampouco vai haber comida de maiores, xa que partida hai?

¿Por fin vai a ter a decencia de pagarlle aos partidos políticos?

¿Que pasa con Espina & Defín?

¿Cando nos vai a entregar os reparos? A contestación xa sei cal é que non temos ningún problema pero nunca nos os entregan.

¿Que pasa coa cuadrilla de limpeza de praias, cando se van a contrar?

¿A bandeira azul da praia de San Francisco cando se vai a colocar?

¿Para cando o programa de Muros mira aos mar que é para a semana que ven?

¿É certo que polo grupo A Roda se pagaron 7.000,00 €, sabendo que non hai orzamento e habendo tantas carencias? ¿Ten pensado pagalos?

Pregunta sobre os accesos ás beirarúas de Baño e roga que o Concelleiro se pase por alí.

Responde a Alcaldesa

Dí a Alcaldesa que queda de manifesto como mistura e como minte descaradamente a Sra. González Cerviño ao que esta responde que non consinte que a alcaldesa lle diga que minte, que quen minte é a alcaldesa.

Dilixencia: Para facer constar que a Sra. Alcaldesa chama á orde á Sra. González Cerviño por segunda vez, e por terceira vez por interrompila e orde a explusión da concelleira do salon de plenos, tamén abandoan voluntariamente as concelleiras Maneiro Pais e Fernández Piñeiro.



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

Dí a Sra. Alcaldesa que hai días que a Sra. González Cerviño ten gañas de marchar e fai o posible para que sexa expulsada. Que cado dí que minte o vai a explicar xa que a Sra. González Cerviño dixo que cando gobernaba ela non tiñan mesa permanente e logo dí que a copiamos, dí que mistura as obras da Rocha coas de Baño.

En canto aos orzamentos xerais agardan poder traelos agora que teñen un interventor a tempo completo, que para contratar personal non se pode incrementar a masa salarial porque así se establece na Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

En canto ao secretario facémoslle caso así como ao interventor, non como outros e así houbo que devolver cartos, iso non que dicir que gobernen, que agardan a que informen os expedientes e digan cal é procedemento correcto e se iso é dicir que goberna o secretario pois deixaremos que governe o secretario e o interventor.

Estou na Alcaldía sempre que podo pero hai mpoitas cousas que teño que facer fora da alcaldía. Se teño unha reunion en Lousame coma hoxe polo camiño ingles pois non podo estar, se teño que reunirme co xerente do consorcio como fai pouco pois teño que acudir. Á obra da Rocha fun tres veces e o Concelleiro máis e a Baño tamén fun. Dí que os martes vai a cultura e os xoves a servizos sociais, cando non teño unha reunion ou unha viaxe.

Con respecto a un grupo de veciños que queren ampliar a festa de San Pedro ata o domingo, extráñalle que se viñera un grupo de veciños e que as persoas que están no rexistro non lle dixeran nada. Que é a primeira noticia que ten, que mañá estará na Alcaldía e logo ten que ir ao GALP pero que se ese grupo de veciños se achegan ao concello e non está que deixen un recado ou un teléfono e que ela os chamará despois. Con respecto da posibilidade de ampliar a festa hai que ver que é o que queren facer, e ver se hai probelma ou non, neste ultimo caso diríaselles que non.

A comida de maiores non se vai a facer, que é verdade que hai 15.000,00 € e que lle parece que se gastaban máis pero que as necesidades de axuda a domicilio consumen ese crédito e que ista é unha prioridade do grupo de goberno, que non obstante se houbese crédito abondo poderíase facer.

Pagos a partidos políticos dí que preguntará a intervención.



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

Espina & Defín xa comentou que están en Carnota que ten agora a presidencia e están continuando co traballo que se facía.

Cuadrilla de limpeza de praias está hoxe o informe de intervención, que hoxe mesmo aprobou as bases de limpeza de praiase canto ao de vela comenta o Sr. Uhía Martínez que a situación é a mesm, que o ano pasado non se atopou ningún monitor capacitado para dar o curso, que contactaron co náutico de Portosín e non hai titulados co cal non haberá curso de vela.

O día da recollida da bandeira non puiden ir e estamos agardando a que nos chegue para poder ir a colocala.

O programa de “Muros mira ao mar” está en impresion e non sei agora exactamente canto vale

Non sei canto vale a actuación de A Roda está na partida das festas e non sobrepasa o custo co que non vai ningún problema para pagar.

Polo BNG intervén o Sr. García Fernández

En primeiro lugar quere dicir ao respecto do exposto polo concelleiro de facenda que non están dacordo con que se externalicen servicios e que o queren é precisamente o contrario, remunicipalizar os servizos externalizados.

No pasado pleno, á pregunta de que pasaba co Bar San Francisco, a alcaldesa respondeunos que os pregos estaban redactados e listos para traer a pleno e ser aprobados. Chegou o Pleno, e na orde do día non aparece nada a respecto desta concesión. Canto máis se vai a demorar este proceso? Esperemos que cheguen a tempo de poder amañar o local antes do verán de 2019.

Queremos saber en que estado se atopan as obras do POS. Insistimos en que algunhas delas son moi urxentes, e vemos que non se está avanzando nada ao respect, co subscriben o ditto polo PP de crear unha commission.

Preguntamos no pleno pasado se Manpower estaba utilizando algún espazo do Concello. A resposta foi que a alcaldesa cría que non estaban presentes no Concello. Queremos saber se aseverou dita información.



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

A respecto da RPT, e despois de escoitar a resposta da alcaldesa, varias persoas traballadoras deste Concello puxéronse en contacto con nós para indicarnos que elas non foron chamadas nin avisadas para facer a entrevista coa empresa redactora. Polo tanto, queremos saber se vai haber máis entrevistas ou se a empresa está a facer unha chapuza con este proxecto, deixando sen a posibilidade de entrevistarse aos traballadores. Queremos saber en que situación se atopa a redacción da RPT.

Toparon solución para o repetidor de TV de Abelleira e Torea? Confiamos en que se resolva antes de que remate esta lexislatura. Catro anos para solucionar un problema deste calibre, parécenos un despropósito, pero máis o sería que abandonasen o goberno sen solucionalo.

¿Fixo a empresa instaladora da fibra no Parque Empresarial o estudo sobre a instalación dunha rede de acceso a internet en Torea e Abelleira? ¿Por que a alcaldía non vinculou os dous proxectos, e así forzaba a empresa a solucionar este histórico problema?

¿Segue o Concello sen presentar denuncia polas obras ilegais que se levaron a cabo na Illa da Creba?

Estamos en xullo e seguimos sen praias habilitadas para mascotas. ¿Cando ten pensado o goberno cumprir coa súa palabra de permitir o acceso de mascotas a dúas das praias do noso Concello?

¿Non hai ningunha empresa de transportes interesada en poñer en servizo o Noitebús, aínda que sexa en datas sinaladas como o Castelo Rock, As carrilanas, As festas de Louro, de Abelleira...?

¿Ten pensado a corporación resolver o problema de saída de vehículos do cruce de Bornalle ou espera a que levemos algún desgusto?

A alcaldesa afirmou varias veces que as obras do paseo de Esteiro rematarían a mediados de xuño. ¿Non sería de xullo? Ou será de xuño de 2019?

Queremos saber en que mes comeza a campaña de limpeza de praias? E de parques? E de camiños? Está todos os espazos públicos do Concello a monte, mentres non paran de chegar requirimentos para que as propietarias de fincas limpen o seu.





CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

Unha vez máis, rogamos que se amañe a beirarrúa do Furón e os cráteres do camiño de Canelas.

E rogamos tamén por terceiro pleno consecutivo, que se limpe a parede traseira do Xosé Lago de Esteiro, no que hai unhas noxentas pintadas homófobas.

Rogamos por ultimo que o Concelo de Muros declare persoas non gratas aos membros da “manada” e rogamos que se engada a moción presentada por urxencia na sesion do próximo pleno.

Responde a Alcaldesa

Dí a Alcaldesa que están dacordo en remunicipalizar os servizos e de xeito se manteñen os servizos de axuda a domicilio ou limpeza de edificios que seguen sendo municipais pero que hai ocasións nas que non queda máis remedio, cando é imposible pagar ao personal por limitación legais, polo que non queda outra saída, así pois ou iso ou deixar de prestar o servizo.

Os pregos de San Francisco están en secretaría e non teño problema en que o secretario vos comente en si eso é así ou non.

No traballo cotidiano do concello hai moitas máis cousas que non veñen ao pleno e todo require tempo.

As obras do POS están en distintas fases, en todo caso hai que cumprir coa nova Lei de Contratos e licitar pola Plataforma, non obstante as obras urxentes se existe imposibilidade temporal sacaranse igualmente dándolle a maior publicidade posible.

Con respecto á RPT foron avisados polos representantes dos traballadores, cando a empresa nos dea unha primeira valoración da RPT Ila volveremos a pasar e iremos despois con todo á mesa xeral de negociación.

Dilixencia: Para facer constar que o voceiro do BNG solicita que se lles achegue a documentación ao que a Alcaldesa dí que se lles achegará a todos os grupos, pero previamente achegarase ao personal.



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

Repetidor de TV de Abelleira e Torea segue igual. En canto a internet dí que estes días lles chegou unha comunicación de antega no que lles dicía que ía haber acceso a internet ultra rápido en varias zonas do noso concello e enviou un escrito á directora de antega da que da lectura (entre outras consideracións pregúntase sobre as parroquias Abelleira e Torea) e dí que se lles informará.

Con respecto a R díxoselles que nos fixesen un estudio e seguimos sen resposta.

O voceiro do BNG pide copia.

Con respecto as praias de cans dí que comentou coa técnica de sustentabilidade, que collera a ordenanza e consultara en secretaría. Unha está decidida.

Dí que segue sen atopar unha empresa que faga o noitebus

Con respecto ás obras do paseo dí que xa dixo repetidamente que a prevision de Costas era a mediados de xuño, que pasou o prazo e que agora lle dín que contan con rematalas en 2 semanas.

Insistiremos a ver se poden limpar o muro do pabillón

En canto ao de cruce de Bornalle o Sr. Quintela dí que non é cousa do Concello senón do titular da Estrada.

Remata a Alcaldesa dicindo que quedan todos convidados aos actos das festas (misa, procesións...).

E sen máis asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, cando son as vinteunha horas e corenta e tres minutos, de todo o que eu como secretario dou fe.

O Secretario Xeral.

Documento asinado electrónicamente